



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIMIANZO

Declaración de carácter público dun camiño situado en Señoráns, Salto

ANUNCIO

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do 11 de marzo de 2026, no referente ao expediente 2025/X998/000023 de investigación do carácter público dun camiño en Señoráns, parroquia de Salto, adoptou o acordo que na súa parte resolutiva dí o seguinte:

“(…) PRIMEIRA.- Resolver o expediente de investigación do camiño público, situado no lugar de Señorans, parroquia de Salto, identificado coas referencias catastrais 15093A008000870000QB e 15093A008000900000QB, declarando o seu carácter público municipal.

SEGUNDA.- Proceder á súa identificación xeoreferencial, tasación, e inclusión no inventario de bens inmoables rectificando o mesmo, así como instar a súa inscrición no Rexistro da Propiedade dando cumprimento á obriga legal neste senso.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo ós organismos competentes autonómicos e estatais ós efectos oportunos.

CUARTO.- Notificar este acordo ós interesados e publicalo no BOP da Coruña, outorgando os medios de impugnación ordinarios.”

Contra este acordo, definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o seguinte á publicación deste anuncio ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de instancia de Coruña no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da notificación. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Con todo, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Vimianzo, 9 de abril de 2026

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2026/2239